

A serie de ficción regresa mañá con máis sorpresas e unha nova personaxe, a secretaria do imaxinario Concello de Santalla

AS TRAMAS DE PODER E AMOR INAUGURAN A NOVA PÁXINA DE “LIBRO DE FAMILIA”, O ESPAZO LÍDER DA NOITE DOS DOMINGOS

Santiago, 25.09.2010.- As historias e os personaxes de “LIBRO DE FAMILIA” regresan mañá á Galega, para achegarnos as novas sorpresas e tramas de poder e amor que se vivirán cada domingo na vila de Santalla arredor dos seus protagonistas, a familia de labregos, os Cabanas; Freire e Deli, Pedro e D. Román, Cosme, Elías e Carmiña, María e Marcos....e unha personaxe nova, Celia, unha secretaria do concello moi atractiva que dará moito que falar.

A temporada XVIII de “LIBRO DE FAMILIA”, o espazo máis visto en Galicia na súa faixa horaria, abre unha nova páxina na vida de Santalla e da súa xente, que se verá envolta en novas circunstancias e acontecementos, presididos polas tensións do poder e do amor. Así, a presenza de don Román traerá complicacións no negocio dos invernadoiros, xa que intentará que Pedro, o alcalde, fracase na súa ambición por controlar o negocio dos tomates; namentres, Tomás e Freire vivirán un revés do destino que os volverá deixar sen Inés definitivamente.

Unha das primeiras novidades que vive Santalla é a chegada de Celia (**Mariana Expósito**), no papel de secretaria do Concello, que Pedro pretende utilizar a favor para manexar os intereses xerais da vila; veremos o día a día de Pablo no seminario, protexido por súa nai, Sara, e o efecto que causa en Manuel a ausencia da muller, espertando nel un sentimento antes imposible, atracción por Deli; María e Marcos intentan avanzar na súa relación, namentres que ela vai ser portadora de novas ideas pedagóxicas.

Nos episodios que arrancan verase como o porvir de Santalla despega xa que a produción dos invernadoiros vai vento en popa. No capítulo de hoxe, *Picar o anzol*, Cosme intenta manter o segredo da marcha de Freire a Madrid e, aproveitando a temporada de troita, argalla con Carmiña un plan para facer crer a todos que o indiano segue na vila. Amais, Freire descubrirá o motivo aterrador polo que Inés (**Mabel Rivera**) marchou de Santalla...